



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/355/2004.- MARIA DEL CARMEN SUAREZ BEIROA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública de data 28 de maio de 2004, outorgada ante o notario do Manuel Julio Reigada Montoto, co número de protocolo mil catrocentos cincuenta e cinco.

LIC/396/2016.- MANUEL CALVELO DEVESA.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reestruturación de vivenda unifamiliar situada na rúa Bonaval, 8.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública de data 28 de maio de 2004, outorgada ante o notario do Manuel Julio Reigada Montoto, co número de protocolo mil catrocentos cincuenta e cinco. LIC/355/2004. Acéptase a cesión.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reestruturación de vivenda unifamiliar situada na rúa Bonaval, 8. LIC/396/2016. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asoc.Prov.Hostelería Compostela para determinadas datas (Constitución, Nadal, Fin de Ano e Reis). Infórmase favorablemente a devandita ampliación de horarios, que afectará ás noites do 5, 6 e 7, 21, 24, 28 e 31 de decembro, e 4 e 5 de xaneiro.

5.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa a dar conta á Xunta de Goberno da autorización do préstamo da obra do pintor CARLOS MASIDE "Muller Sentada", ao Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO), para a realización da exposición que leva por título "Espazos e encadramentos da obra de Manuel Colmeiro". Dáse conta da autorización.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 122, da titularidade de don Manuel Pena Calvo, a favor de don Julio Martínez Castelo. Autorízase a transmisión da licenza.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á resolución do contrato para a execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015. Desestímase as alegacións formuladas pola empresa Construcciones Ruafer, SL, ao considerar que a execución defectuosa das obras é por culpa imputable exclusivamente á empresa contratista. Solicítase o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia con carácter previo á adopción de resolución do contrato.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á resolución do contrato para a execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015. Desestímase as alegacións formuladas pola empresa Construcciones Taboada Ramos, SL, ao considerar que a execución defectuosa das obras é por culpa imputable exclusivamente á empresa contratista. Solicítase o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia con carácter previo á adopción de resolución do contrato.

- 9.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía.** Valídanse os gastos de varios contratos menores.
- 10.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbase a proposta.
- 11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de bonificación no imposto sobre bens inmoables.** Concédese a bonificación solicitada.
- 12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga de contrato de aluguer de local nº 2 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais.** Apróbase a prórroga do contrato polo prazo dun ano, dende o 1 de xaneiro de 2020 e por un importe de 744,15 euros/mes.
- 13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".** Apróbase o expediente e ábrese o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 524.735,70 euros (IVE incluído).
- 14.- Adxudicación do servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo Tropa Verde.** Adxudícase o servizo á empresa Atlantic Ponte 2000 SLU, por un importe de 6.037,90 euros (IVE incluído).
- 16.- Devolucións de fianzas.** Apróbase a devolución dunha fianza.
- 17.- Proposta relativa a deixar deserta a licitación do subministro, instalación e posta en funcionamento de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO.** Acórdase rexeitar as ofertas presentadas polas empresas Kapsch Trafficcom Transportation, SL, e Alumbrados Viarios SA, tanto para o lote I como para o lote II, por existir nas súas ofertas incumprimentos do prego técnico de aplicación. En consecuencia, déixase deserta a licitación, liberando o crédito comprometido (424.785,83 euros).
- 18.- Resolución da convocatoria de concesión de subvencións para o fomento do deporte federado 2019.** Apróbase a resolución e contías das devanditas subvencións, por un importe total de 249.999,73 euros, repartidas entre 58 clubs.
- 19.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde. Medio Ambiente e Parques e Xardín relativa á participación do Concello de Santiago no programa de axudas a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.** Acórdase participar na devandita convocatoria, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, así como a memoria descritiva da renovación das instalacións de alumeado público do Concello de Santiago. Apróbase o compromiso de reserva de crédito suficiente e adecuado (36.000.000 euros + IVA por 12 anos, a razón de 3.000.000 euros + IVA por ano) para facer fronte á achega municipal.
- 20.- Proposta do concelleiro delegado de Centros socioculturais, barrios e obras relativa á aprobación do proxecto de "mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (fase I)".** Apróbase o devandito proxecto, cun orzamento de 126.711,20 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de seis meses.
- 21.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a dar conta da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago - Programa universitario para maiores IV ciclo.** Dáse conta da sinatura do convenio, polo que o Concello achega 1.000 euros.
- 22.- Dar conta das actuacións de emerxencia realizadas na rúa do Pombal.** Dáse conta das actuacións realizadas.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Restas relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do “Servizo de arraxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela. Ábrese o expediente e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 96.099,27 euros (IVE incluído).

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Restas relativa á adxudicación do contrato de prestación do servizo de cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento. Adxudícase o contrato a Pedro Pablo Gutiérrez Buján, por un importe de 45.500 euros (IVE exento).

3.- Licenza 1556/2019. FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO. Restauración de fachada da Quintana e patios da Porta Santa e Abades, xirola e terraza sobre a tribuna do deambulatorio da Catedral de Santiago de Compostela. Concédese a licenza.

4.- Proposta de adscrición temporal á Universidade de Santiago do inmovible para sede dos estudos da especialidade de Odontoloxía. Apróbase a adscrición temporal por un período de 15 anos.